

FARO DA CULTURA

nº 239 • Xoves, 6 de marzo de 2008

Coordina: Xosé Ramón Pena

Chegou o final dunha das mellores series da historia da televisión, *The Sopranos*, a todas luces, obra mestra onde as houber. Son moitos os críticos que caeron rendidos perante as andanzas de Tony Soprano, protagonista principal da serie e xefe da mafia de New Jersey; as súas inquedanzas persoais, as batallas intestinas, a guerra aberta coas familias de Nova York polo control dos negocios en todo o Estado... fixeron que David Chase, o creador da serie, acadase un posto de privilexio.

Concibida por Chase coma unha película por entregas, cada episodio d'Os *Sopranos* presenta unha factura técnica de carácter cinematográfico: os planos, o sexo e a violencia rodados sen ningún tipo de cortapisas, a música... atrapan o espectador e envólveno nunha espiral de fascinación que xa non poderá abandonar ata chegar ao final desta viaxe polo inferno. Hai unha frase que di Michael Corleone en *O Padrino III*, "canto máis ascendo na escada social máis apodrecido está todo", que ben podería ser aplicada nos negocios dos Soprano. De feito, a triloxía de Coppola é unha referencia ao longo de todos os episodios, pois son as propias persoaxes as que a citan arreo; hai un clima de respecto e de admiración pola historia do clan dos Corleone, pero, non obstante, a montaxe, a maneira de contar a violencia e o tormento interior dos persoaxes está máis próxima a Martin Scorsese.

A vida é unha traxedia: os nosos actos veñen delimitados polos traumas da infancia, polo entorno social onde vivimos e pola cultura que nos rodea. Isto é o que lles pasa aos Soprano, a súa maneira de concibir o mun-

*Os Soprano:
a última
obra mestra*

FRAN F. JALDA

do e de gañarse o pan xa lles ven imposta, pois os seus pais e os seus avós sempre fixeron grandes fortunas á marxe da lei. O valor da familia, os costumes... todo está excelentemente contado nesta serie, incluso unha cousa tan sinxela coma a comida está cargada aquí dun forte simbolismo. Quen será capaz de volver comer pasta á maneira da personaxe interpretada por James Gandolfini?: alguén, Tony Soprano, que nos momentos máis duros da súa vida xamais perdeu o apetito; e feito, cando hai unha morte, os demais sempre acoden a consolar a vítima cun bo prato de estofado. O comer sen ter fame, os alimentos de alto contido calórico son o símbolo da hipocresía, das ansias de ascender na

escala familiar; deste xeito, contemplamos un eleco de seres enormes, descomunais como os seus actos e o seu poder de devastación. A presenza da psicoanálise, encarnada nas escenas onde Tony acode a terapia coa súa psiquiatra -algo que fai durante os sete anos que dura a serie, de feito o primeiro plano do primeiro capítulo acontece no despacho dela-, a terapia de grupo que fai Christopher cada vez que quere desengancharse do alcohol ou da heroína, os recordos da infancia, a eterna sombra da nai e os actos violentos gravados a lume nas consciencias... todo isto se converte nunha síntese que dá lugar a unha traxedia grega, na cal seres atormentados vagan pola vida intentando rebelarse contra o destino sen que nada do que fagan poida liberalos dunha morte segura. No mundo da mafia, os erros non se perdoan.

Son moitas as escenas nas que Tony Soprano está na súa casa

Adeus, Tony



vendo documentais de historia, case sempre da Segunda Guerra Mundial, ou películas de cine clásico. Esa nostalxia polo pasado queda plasmada tamén na música que rodea a serie, nas referencias a James Cagney e a John Wayne, e hai unha frase que Tony repite moito: "Qué foi de Gary Cooper?" en clara referencia aos heroes doutroa cos que todo o mundo se identificaba. Unha das cousas que máis preocupa desta serie é que aquí non hai ningún persoaxe positivo, todos son seres despiadados e egoístas, a mentira e a morte están ligadas pero... a pesar de todo isto, somos moitos os que acabamos adorando a Tony, ou a Silvio... tamén necesitaremos terapia?.

✧ ENTREVISTA CO GAITEIRO
ALBERTE SANMARTÍN PÁX. III

✧ MOSTRA: ÁLVARO DE LA VEGA
EXPÓN EN PM8/ PÁX. VI

✧ SON DE "HOME": NOS ABANOS
DE X.M. BUDIÑO / PÁX. VIII

Ocorreu no número 1394 da revista *Pulgarcito* correspondente ao 20 de xaneiro de 1958, hai agora cincuenta anos. Acompañando as historietas de dona Urraca, Zipi e Zape, Carpanta e as irmás Gilda, aparecían por primeira vez dous personaxes de papel que co paso do tempo haberían de converterse nun fenómeno de masas, con álbums traducidos a varios idiomas, ventas millonarias no eido internacional e adaptacións cinematográficas moi fieis ao espírito orixinal da obra. En Alemaña coñécenos como Clever & Smart, en Holanda son Paling en Ko, en Suecia chámanos Flink unc Fummel; para os gregos trátase de Antupie kai Symp-honie, para os fi-

Glub! Glub!

Mortadelo e Filemón:

50º aniversario

CARLOS FREIRE

neses Älli ja Tälli. Mais para nós sempre serán Mortadelo e Filemón.

Mortadelo, o mestre do disface, capaz de converterse en calquera obxecto, animal, vexetal ou fungo é, sen dúbida, o preferido polos lectores, pero tamén están o seu compañeiro Filemón, o Súper (o superintendente Vicente), xefe de ambos, a secretaria Ofelia e o inefable doutor Bacterio. Todos, agás Ofelia, son calvos porque, segundo ten contado o seu creador, Francisco Ibáñez, pintar o cabelo dá moito choio e nos tempos da editorial Bruguera, cando había que facer vinte páxinas semanais, o debuxante non podía permitirse eses luxos. Outro tanto pasaba coa censura da época: as páxina devoltas con borranchos de lapis vermello supunhan facer o traballo de novo, así que nas viñetas non se mencionaba a política, o sexo ou a violencia. As carreiras co garrote do final das historias nunca eran do agrado dos censores e unha vez, por culpa dunha páxina na que un polbo lle botaba un afago á femia da balea Moby Dick, acusaron a Ibáñez de... incitación ao adulterio!

Os Mortadelo e Filemón dos



primeiros tempos eran bastante parecidos aos actuais, aínda que Mortadelo ía con paraugas e o seu xefe Filemón fumaba en pipa. Daquela eran uns Sherlock Holmes e doutor Watson en plan chapuceiro. Logo deixaron a súa Axencia de Información para ingresar na T.I.A. (Técnicos de Investigación Aeroterráquea), onde toparon co resto dos protagonistas da serie. Os personaxes falaban con palabras inventadas ou difíciles de pronunciar, como “defenestración”, “laspislázuli” ou “saprísti” e víanse envoltos en todo tipo de situacións absurdas e surrealistas. Ibáñez é un grande admirador de Chaplin, Harold Lloyd e o Gordo e o Fraco e iso nota-se.

Cando os axentes da T.I.A. comezaron a ter éxito, na editorial pedíronlle máis personaxes, máis historietas. Do lapis de Ibáñez foron saíndo Pepe Gotera e Otilio, chapuzas a domicilio, 13 Rue del Percebe, Rompetechos e moitos outros. Dez anos despois, Mortadelo e Filemón eran xa moi populares e coa aparición da revista *Gran Pulgarcito* fórono aínda máis, pois Ibáñez comezou a crear as historias por entregas. Ao cabo de once números xuntábase para formar un álbum en tapa dura. O primeiro deles foi *O sulfato atómico*, ao que lle seguiron todo tipo de aventuras e misións imposibles.

Ibáñez deixou Bruguera en 1985, cando a empresa quixo aumentar tanto a produción que montou un equipo de traballo en cadea, prescindiendo do artífice das criaturas. Ibáñez descubriu que non posuía os dereitos de autor e que Bruguera era a propietaria da idea, dos debuxos e dos guións. Porén, a editorial desapareceu un ano despois, e o debuxante viuse envolto nun litixio que durou tres anos para recuperar a paternidade dos seus personaxes. Dende entón traballa a un ritmo de seis álbums por ano.

Hai unha década, para celebrar o corenta aniversario de Mortadelo e Filemón, Ibáñez publicou un dos títulos máis orixinais da serie, *A súa vida privada*, que mostra todo o que fan os dous axentes da T.I.A. fóra do traballo. A través destas páxinas soubemos que Mortadelo é afeccionado aos bares e que Filemón colecciona discos de trinta e seis revolucións e “sete motíns”, así como cadros pintados ao óleo e á vinagreta. Estes cincuenta anos de vida que agora se cumpren veñen tutelados por dous álbums novos, *E van cincuenta tacos!* e mais *Vinganza cincuentona!*, para alén da película *Mortadelo e Filemón. Misión: salvar a Terra*, dirixida por Miguel Bardem.

Aos seus setenta e dous anos, Ibáñez aínda non ten en mente subilarse e celebra o medio século de vida de Mortadelo e Filemón con dous novos títulos. No primeiro deles, *E van cincuenta tacos!* o tema central son os alifafes que padecen os axentes da T.I.A. por mor da idade. Todos eles, dende o Súper ata o doutor Bacterio, sofren a presión do inspector Somormujo, o cal pretende facer unha rigorosa limpeza nas filas da organización. No álbum aparece un Mortadelo envellecido que toma pildoras, está medio xordo e usa cueiros.

O segundo volume é *Vinganza cincuentona!* e nel danse cita os rufiáns máis famosos e

carismáticos atopados polos axentes ao longo da súa historia. Reunidos baixo as siglas AVIMOFI (Asociación de Víctimas de Mortadelo e Filemón), os viláns pretenden eliminar dunha vez por todas os nosos personaxes. Entre outros

responde ao nome de O Vacilón e o grande hipnotizador Magín o Mago. Toda unha festa para os seguidores da serie.

Ibáñez non pensa matar a Mortadelo e Filemón. O debuxante ten a esperanza de que o día que xa non estea conosco algún continúe narrando as súas aventuras. Somos moitos os que aprendemos a ler grazas a estes dous axentes. E non só iso. Eles entregáronos a chave coa que, logo de abrir a porta da fantasía, abrimos tamén a dos libros, a do tesouro da lectura. Non se trabuca Mortadelo ao final de *E van cincuenta tacos!* cando di: “Mire como nos seguen admirando os nosos fans, mire!”.

A cámara secreta da lectura

malandríns, por esta historietta desfilan Chapeau o Esmirriau e o seu asombroso sombreiro, do que pode sacar calquera cousa; o doutor Catástrofe e o seu axudante Bezerrosky; un monstro verde que

ENTREVISTA

Que vén ser O Pentafol?

-Trátase dunha escolma persoal das pezas tradicionais que me parecen máis fermosas e que aquí, por exemplo, no Centro Galego de Baracaldo, se estaban a perder. A xente opta por outros repertorios de novos artistas e aqueles que se tocaban antigamente, dos Garceira, dos Campaneiros... de grupos senlleiros nosos, estábanse a perder. Así que, por unha banda, quería facer un pequeno arquivo de todo o que se tocou aquí. E por outra, dado que á xente á que lle dou clase, pásolles as partituras e mais as pezas gravadas en mp3, este parecía un xeito bastante acertado de lles fornecer un pouco de independencia para ir medrando o repertorio. Así que fixen unha escolma e saíron estas 418 pezas.

- Que foi o que lle resultou máis complicado á hora de elaborala?

-Escoller as pezas non foi difícil, porque tiña para tirar de bastantes sitios. O máis complicado foi escribilas; e logo, o que parecía máis sinxelo, gravalas, pois tamén resultou complicado porque levou moito tempo. Sen contar aínda o que tardei en escoller as pezas, dende a primeira partitura que escribín até a última peza que gravei, pasaron dous anos e medio. Foi un proceso longo.

- Contou con algunha colaboración para escribir e gravar as pezas?

-En principio, toda a escrita e mais as gravacións fixénas só. As pezas tamén as escollin eu, aínda que si que consultei, nalgúns casos, se estaban ben escritas. Sabendo, iso si, que hai algunhas que non están escritas como as orixinais, senón que son as versións que trouxeron aquí os gaiteiros de Baracaldo. Esta xente trouxo cancións de oído e levounas por Euskadi durante cinco décadas e, aínda que non foran correctas de todo ou non foran o que os grupos orixinais tocaban, creo que era necesario facer unha sorte de homenaxe a todas estas persoas que estiveron na diáspora.

- Por que utilizou os dous sistemas de transcripción, en Re e en Do?

-Máis que nada, para facilitarlle a comprensión do libro a calquera. Eu, de toda a vida, leo as pezas en Re. Ademais, como toco a *uilleann pipe* e instrumentos irlandeses, se escribes en Re sempre é a mesma dixitación, estas tocando unha gaita irlandesa, unha gaita galega ou un *whistle*. Na gaita galega non hai unha unificación, sempre houbo discusión: antigamente todos os libros viñan en Re, pero agora comezan a saír todas as publicacións en Do. Así que decidín que na parte impresa as partituras foran en Do, e no DVD apareceran en Re. É un xeito de darlle á xente máis facilidades á hora de ler.

- A parte das partituras e das gravacións, n'O Pentafol tamén aparecen fotos deses gaiteiros senlleiros dos que falaba antes.

-Así é. Aparecen vinteito imaxes en total, e dez son unha homenaxe gráfica aos gaiteiros de Baracaldo, dende os anos 60 deica o 2000. As outras son a xeito de curiosidade; moita xente, á que eu lle dou clase, nada ten que ver con Galicia, polo que, cando lle pos unha canción, por exemplo, do repertorio dos Camaneiros, non se fan unha idea. Pero estas imaxes poden levarlos ao tempo no que estes gaiteiros andaban tocando por Galicia adiante.

- Ten, logo, moita xente "allea" a Galiza nas súas clases?

-Adoitan ser músicos que tocan outros instrumentos -como a *trikitixa*, o acordeón diatónico de aquí- e que non teñen nada



Alberte Sanmartín

“Non me considero gaiteiro da diáspora”

Da man de Alberte Sanmartín, chéganos O Pentafol: unha monumental escolma de 418 pezas populares para gaita galega e que, alén dun labor de recuperación, constitúe tamén unha sorte de homenaxe a todos aqueles gaiteiros que levaron fóra de Galiza os sons de noso

NATALIA ÁLVAREZ

D OULLE CLASE A XENTE Á QUE LLE GUSTA A GAITA PORQUE SI, SEN QUE TEÑAN VINCULACIÓN CON GALIZA”

que ver con Galiza e aos que a gaita lles desperta moita curiosidade. Tamén venen gaiteiros doutros centros que queren ampliar un pouco a ornamentación no xeito de tocar. Pero a maioría da xente que acostuma vir aprender non é galega, nin descendente de galegos. Son persoas ás que lles gusta a gaita porque si. Igual logo o que lle vai é a gaita irlandesa e este é un primeiro paso para chegar a ela; pero, vaia, eu métolles repertorio galego a oito, e o caso é que lles gusta moito.

- Quizais, o que máis chama a atención desta escolma é, precisamente, que se faga dende Euskadi.

-Si, semella que é unha cousa que chama a atención. O que pasa é que eu levo moitísimos anos en contacto coa gaita, e teño unha mancha de amigos gaiteiros aí: Luís Prego, de Ardentía, Gabriel Romero... Eu non me considero gaiteiro da diáspora, considérome un máis. Si que pode parecer curioso, pero isto podería facelo calquera... Chegando a un índice de calidade máis ou menos dos que pode haber cincuenta mil personas en Galicia. Xurdíume a min a idea, ou a teima de facelo, pero vaia, non ten nada que ver que sexa de aquí do País Vasco nin algo semellante.

- Que acollida está a ter O Pentafol?

-En Euskadi fixen unha presentación máis da casa e, claro, os da casa non son moi obxectivos. En Santiago, fixémosla o venres pasado aínda, pero si que me sorprendeu a acollida que tivo, sobre todo, nos medios. Polo que vin en foros, a xente está como moi agradecida polo traballo. E o seguimento dos medios de comunicación foi tamén bastante amplo... con algúns titulares un pouco pretenciosos, como “A Biblia da gaita” e cousas así, pero... eu non puxen os titulares! [risos]

- Pensa facer unha segunda parte?

-Se chegamos ao caso de que se vendaben, e haxa unha segunda edición, intentaría revisar e ampliar, porque si que me acordaron logo algunhas outras cancións que poderían ser interesantes, pezas vellas tamén de recollidas. Aínda que tampouco creo que puidese ampliar moito; coído que aí están todas as cancións que, máis ou menos, cumprían co canon que me marquei.

- Como gaiteiro, que está a facer nos últimos tempos?

-Toco en dous grupos. Ruaille-Buaille (Rula-Bula) é un pouco o que me dá de comer [risos], un grupo de xente xa con táboas dentro dos escenarios. Estivo Aitor Gorostiza, que tocou en Oskorri, está Duncan Bennett, un inglés que tocou en varios grupos... O que fixemos foi volvermos un pouco aos formatos pequenos e a disfrutar da música, e temos bastantes actuacións. No inverno dedicámonos a tocar por pubs irlandeses, e no verán adoitamos ir fóra. Iremos a Portugal, temos algunha actuación en Castela-León, e agora, en marzo, en San Patricio,

pois temos unha chea delas. E logo, no Centro Galego de Baracaldo, temos un grupiño que se chama Ceo do Sil, en homenaxe a un amigo que era da Ribeira Sacra e está alí enterrado. Mesturamos acordeón con gaitas galegas, clarinete... reparando no que fai a xente de Treixadura, Ardentía...

Contra a hipocrisía

Evanxélica memoria

ARMANDO REQUEIXO

Chegada certa altura da traxectoria literaria dos autores, a propia progresión dos vieiros creativos acaba por impor como imprescindible unha metamorfose. Un escritor, en boa lóxica, pode avanzar en calquera sentido agás no da reiteración rutineira, pois nada máis enfadoso que a autocaricatura, a reverberación ecoica da voz propia. Por iso cómpre valorar no que merece a aposta arriscada daqueles que, podendo reincidir en fórmulas de éxito preensaiadas, deciden aventurarse en espazos estilísticos e/ou temáticos aínda non transitados. É o caso de Xavier Alcalá, un clásico moderno das nosas letras que non precisa demostrar nada, se acaso que a xenialidade non se esgota coas obras precedentes e que a quen ten o don da palabra sóbralle as armas para facer de cada novo título unha proposta, cando menos, interesante.

De primeiras, un pro-



xecto narrativo como o da *Evanxélica Memoria* acometido por Alcalá impresionista. E faino tanto polo inusual do tema coma pola tensión e a extensión que a tarefa alcanza. O re-

lato das comunidades evanxélicas no noso país non fóra ata o de agora obxecto central de atención por parte dos narradores galegos e mesmo dende o terreo do ensaio as grandes aproximacións a este mundo son aínda moitas e recentes. Doutra parte, achegar neste labor nada menos que unha triloxía con volumes de

medio milleiro de páxinas fala ben ás claras da ambición que presidiu un quefacer que abrangueu no tempo anos de escrita e tamén de publicación, pois dende a primeira das novelas da tríade, *Entre fronteiras*, ata *Unha falsa*

luz van catro anos de distancia nos que tamén viu o prelo *Nas catacumbas*.

Unha falsa luz prosegue o fío argumental aberto nas dúas entregas anteriores, só que agora a trama se traslada a esa faixa bretemosa de anos que van dende a década dos cincuenta ata o pasamento do ditador Francisco Franco. Cunha prosa rica en diálogos que alternan con treitos evocativos e aínda reflexivos, Alcalá consegue ir mergullándonos aos poucos nesta epopea relixiosa que a comunidade evanxélica protagonizou dende as marxas e os silencios obrigados. Actitudes e heroicidades aquí representadas pola figura do protagonista e narrador, Valeriano Liñares Couto, carácter moi elaborado por parte do autor, quen simboliza nel toda a sensatez longánime, humanidade e respecto ao próximo da que tan faltos andaban o Estado e a Igrexa (para o caso sinónimos) da España da Posguerra.

Disipar as falsas luces da hipocrisía é sempre un exercicio necesario. Esta novela agarda por nós para recordárnolo.

ALCALÁ, Xavier, *Unha falsa luz*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 471 páxinas.

Monsieur Ibrahim

Apostar pola convivencia

DORINDA CASTRO SOLIÑO

Temos nas nosas mans un delicioso librillo de apenas sesenta e unha páxinas cuxa lectura reconforta, alegre e deixa nos beizos o sorriso tenro e beatífico de quen aposta pola convivencia entre razas, relixións e xeracións, contrario ao rictus amargo de todos aqueles a quen o multiculturalismo e a pluralidade disgustan.

Trátase de *O señor Ibrahim e as flores do Corán*, tradución que Enma Lázare Rodríguez realizou do título orixinal *Monsieur Ibrahim et les fleurs du Coran* de Eric Emmanuel Schmitt, labor grazas ao cal podemos achegarnos hoxe a esta pequena xoia na nosa lingua. O libro foi publicado por Fatoría K, na súa colección de narrativa dedicada á tradución ao galego de clásicos da literatura contemporánea e obras de referencia de autores inéditos nun importante labor editorial polo que significa a prol da normalización, ao que xa temos feito referencia nestas mesmas páxinas.

De certo, *O señor Ibrahim e as flores do Corán* é un título que moitos de vostedes recordarán entre outros motivos, porque non hai moito foi proxectada nas pantallas a tamén moi fermosa versión cinematográfica dirixida por François Dupeyron e protagonizada por Omar Sharif e Pierre Boulan-ger.

Agora, mercé ao coadado traballo de tradución de Enma Lázare, temos a oportunidade de coñecer na nosa lingua as peripecias vividas e narradas en 1ª persoa de Momo, un cativo de orixe xudía abandonado pola súa nai desde o berce e ignorado polo seu pai, vítima dos recordos do holocausto e con sentimento de culpa por ter sobrevivido a el. Na súa soidade, as únicas relacións cálidas das que goza Momo son as das prostitutas do barrio parisino do Paraíso, que o viron medrar e que o inician na arte do sexo. A unha delas, nunha tenra escea, regaláralle o seu oso de peluche como símbolo dunha infancia que queda atrás. Sen embargo, todo vai mudar cando comeza unha relación de amizade co señor Ibrahim, un sabio musulmán, en concreto sufi, que rexenta unha pequena tenda e que vai adoptar a Momo como amigo e como fillo. O libro relata a historia desa amizade e da viaxe física e espiritual que ámbolos dous realizan cara ao futuro e cara ás orixes, un coa vitalidade da xuventude e outro coa sabedoría da madurez.

Con eles viaxamos acompañados da tenrura, a ironía e curiosidade pola descuberta da paz interior e do gozo e a alegría de vivir lonxe de prexuízos e barreiras creadas pola ignorancia.

Convidámoslos pois a esta viaxe deliciosa da que gozarán se van lixeiros e lixeiras de equipaxe e dispostos ao intercambio, ao diálogo, á tolerancia, ao respecto e ao gusto de descubrir outros mundos e outras culturas. Seguramente aprenderemos tamén a valorar e respectar a nosa.

SCHMITT, Eric Emmanuel, *O señor Ibrahim e as flores do Corán* (trad. Emma Lázare), Fatoría K, Vigo, 2007, 61 páxinas.



Insurrección

Nostalxia beatnik

ROMÁN RAÑA

Nostalxia. O sentimento que nos invade ao ler, moitos anos despois, *Ouveo e outros poemas* de Allen Ginsberg (1926-1997), é o dunha poderosa nostalxia. O poeta norteamericano comeza o seu canto con versos ben coñecidos, que marcan unha época presidida pola iconoclastia e a traxedia, a rebelión e a desorde coa caída abrupta aos abismos, a consciencia de que algo novo ía xurdir e que algo vello ía acabar, o sentimento de que todo podía mudar, a sensación de que todo era posíbel, de que os soños podían ser alcanzados, mais tamén a dunha apaixonante vertixe pois se camiñaba pola beira dos precipicios aos que moitos finalmente sucumbiron como tráxicos ícaros e perderon a vida abruptamente, para sempre, ao colidiren coa dura realidade: "Vin as mellores mentes da miña xeración destruídas pola tolemia".



Ginsberg escribe versículos torrenciais, sen solución de continuidade. O poema expándese en espiral, empregando a enumeración caótica e o paralelismo salmódico. As noites de excesos etílicos, a psicodelia, o mergullamento nas drogas, a promiscuidade do amor libre, a inmersión na loucura, van deixando o seu rastro de inmundicia e de desolación, de desequilibrio e senrazón, onde perecen os débiles, os rebeldes, os namorados, os que tiñan unhas tolas ansias de vivir.

Ginsberg erixiuse como o máis destacado membro dos Beatniks de San Francisco cando, en 1956 e en Gran Bretaña, publicou *Ouveo*, que foi confiscada polas autoridades dos Estados Unidos. Xunto a el pululaban Lawrence Ferlinghetti, Gary

Snyder, Gregory Corso, Richard Brautigan, etc., xunto cunha pléiade de axitadores, de exhibicionistas, de parlanchíns, de aduladores que non contribuíron a mellorar grandemente unha calidade poética que se vía francamente resentida ante a urxente necesidade de denunciar unha sociedade clasista que desprezaban, un sistema capitalista que odiaban e unha guerra cruel que aborrecían.

O poemario, bilingüe, é tradución de Daniel Salgado. Debemos dar as grazas a Edicións Positivas por achegarnos esta pequena xoia, este irado berro de insurrección.

GINSBERG, Allen, *Ouveo e outros poemas* (trad. Daniel Salgado), Ed. Positivas, Santiago, 2007, 85 páxinas.

LIBROS

Intimismo egolátrico

Acerca dos textos prescindibles

HEITOR MERA

Sae ao mercado un novo poemario da autoría de Yolanda Castaño. Trátase dun volume organizado en cinco seccións, onde a primeira xa caracteriza a esencia de todo o conxunto: intimismo egolátrico e inmodesto. Reflexiona o *eu* lírico sobre a súa propia beleza e os custos que esta lle impón. E é tan guapo ese *eu* lírico que mesmo é vítima desa fermosura; melancolía da perfección.

Expón as

llante o que podería dar unha campaña da DGT. Eríxese como defensora do sentidinho nesas estradas do Noso Señor. Disque fai poesía coas malditas curvas e as medianas e pregúntase como quedaría ela despois dun accidente: "Como quedaría a miña beleza de espiga/tronzada e sangrante contra o cristal do parabrisas, e cal sería o exacto estado dos meus peitos/ que xa non caerían/nunca máis?"

A terceira sec-

de calquera mal verso se sacan cousas boas. Se iso fose así, que nos quedaría de especial na arte literaria? Os que supomos que a literatura é -e a poesía, especialmente- un xénero delicado, de almas especialmente sensibles e con talento, interpretámos que un poemario debe conter un plus de excelencia. Baixo esta premisa podemos, e de feito acontece, caer no pesimismo artístico ao ler obras que se van publicando coa etiqueta de poesía iconoclasta. Semellante poesía, que se acobilla en pautas moi predeterminadas, non vén ser máis que a máscara da mediocridade aplaudida por unha endogamia autocompracente que, no fondo, sabe que o que defende e promove non vale literariamente; porén, para certas certas forzas do entramado editorial pesan máis que a reflexión, a coherencia e o gusto polos versos xurdidos da verdadeira inspira-

DIANTE DE
CERTAS OBRAS,
SUPOSTAMENTE
ICONOCLASTAS, É
DOADO CAER NO
PESIMISMO ARTÍSTICO

ción. Un queda coa inspiración de catro paisanos que soltan verdades coma puños e que, ao tempo, fan literatura, poesía, e non cos ripios apoiados polas forzas fácticas de sempre que mesmo se incomodarán se alguén di o contrario do que entenden que debe ser o xuízo politicamente correcto que deba enuiziar un poemario de mínimo valor. Nesta nosa patria pequerrecha e cun número limitado de paisanos, canto máis, de poetas, as cifras non cadran Hai moitos textos prescindibles que enchen e enchen os alboios da Consellería de Cultura e Deputacións varias. Cremos que o lanzamento dun poemario debe ser precedido dunha reflexión previa de se realmente paga a pena. O ben pola literatura galega non se fai necesariamente por acción; tamén se pode facer un por omisión. Porque sucede que, definitivamente, en literatura non vale todo.

CASTAÑO, Yolanda, *Profundidade de campo*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2007, 56 páxinas.

Fugacidade e mito

Desde os abismos

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Yasunari Kawabata (1899-1972) foi o primeiro escritor xaponés en recibir o Premio Nobel. Influidó polas vangardas europeas, mais lealmente devoto da tradición nipona, fundou a corrente denominada "neo-sensacionismo", que, baixo a consigna da arte pola arte, explorou a importancia dos sentimentos e as emocións. A súa obra, profundamente lírica, contrasta coas correntes do realismo social entón en voga.

A casa das belas adormentadas -un relato que, por certo, hai anos inspirou unha película de factura galega, ambientada en Santiago- concentra a fugacidade dun haiku e a trascendencia dun mito. É unha novela breve, inquadante e surreal -o esencial intúese alén do inmediato-, onde, con elegante simplicidade de formas, se narra unha acción minúscula a transcorrer en medio dun complexo entramado de símbolos opostos e temas ancestrais. Así, a inmutabilidade externa destaca os subtís cambios no interior do protagonista, enfrontado, nunha paisaxe suspendida, ao seu pasado e ao seu futuro. O argumento é simple: o vello Eguchi acode a un discretí-

KAWABATA MOSTRA
A MORTE E MAIS
O SEXO CO
PINCEL DELICADO
DUNHA ESTAMPA
CORTESÁ

simo bordel onde os anciáns teñen a oportunidade de pasar a noite en compañía de fermosas rapazas narcotizadas, coa única condición de non violalas. Aquelas rapazas sen historia propia retrátanse a través das sensacións que provocan en Eguchi os pequenos detalles dos seus corpos, e a súa ausente proximidade esperta nel lembranzas do seu pasado erótico e sentimental: pola forma dos seos, o aroma da pel, a curva dunha orella, a calor do alento, as dormentes evocan amantes, fillas, nai -esa nai que foi "a primeira muller da súa vida"-, a súa esposa -vella coma el, que estaba a durmir soa na invernia... Un "consolo melancólico" para un ancián voyeur, preto do fin, que, mentres acaricia un-

ha moza que xamais espartará, sinte nostalxia de todas as mulleres.

Coma nos contos, a casa constitúe un territorio máxico, un paraíso onde os opostos se reconcilian e as leis estritas do tempo se esvaece, co soño a servir de ponte entre os contrarios: a aparencia de morte nas rapazas semella insuflar unha aparencia de vida neses homes decrepitos; e a súa condición de prostitutas

rior e o medo á decadencia, ou por demostrar que el aínda é un home capaz de enxendrar, sinte o impulso de coñecer, de espartalas, de abusar delas, de quebrar o latido que aniña nos seus pescozos -erotismo e violencia se confunden decote nas fantasías masculinas-; e serialle ben fácil desafiar a regra. Mais o vello sabe que, se a transgredise, aquel paraíso sen consecuencias se convertería unicamente nun bordel sinistro e ordina-

súas experiencias e lembranzas identitarias con centro na súa propia beleza. Fai constar a envexa que lle puideran ter algúns porque entende que se lle pasase algo malo, unha doenza ou o que fose, a súa carreira literaria tería máis éxito ou, dende o noso punto de vista, tería algo de éxito. Conclusión: a "capitalista sexy", talmente se define, é obxecto das máis viles desgraças por ser como é ante a incompreensión do mundo. Disque foi pretenciosa e, entendemos, agora xa non o é. O mundo está contra ela por iso é mellor marchar a algunha outra latitude, por exemplo, o Xapón, pois alí seguro que a entenderían.

A segunda sección é unha cousa moi seme-



ción do poemario xa é para nota. Baixo a imaxe de Pinocchio co que interacciona, Yolanda Castaño fai comparacións do tipo: "Como unha boneca/ que só quere ser/ unha nena real". Fai falta comentar algo sobre esta percepción? Eterna incompreensión, procura do ser, mais por uns camiños que non deixan de ser esperpénticos.

Por outra banda, e xa para rematar, o verso libre que desenvolve Castaño ten rima de vez en cando e por casualidade. Isto lévanos a preguntarnos: realmente todo é poesía? Hai quen mantén que todo é poesía e que

virxes, xoguetes vivos e amantes perfectas na súa inocente e total sumisión, libéraos da vergoña, do medo e dos remorsos. Mesmo haberá -Eguchi pensa- quen busque naqueles seres que habitan na inconsciencia, no total desapego dun nirvana, o perdón sagrado: unha viaxe á pureza pola vía da denigración. As reticencias iniciais do vello -sintese sucio e perverso e, se cadra, aínda non tan impotente coma para cumprir as normas da casa- esváense logo da primeira noite, "a máis limpa" de todas as noites que recordaba. Ás veces, porén, Eguchi non soporta que as rapazas durmidas ignoren a súa existencia. Se cadra por cariño, se cadra por vencer o baleiro inte-


rio. Árbores, flores, cores, estacións, todo garda un sentido secreto; e é precisamente esa simetría de símbolos contradictorios e complementarios o que outorga a esta novela a súa maxia poética e a súa orixinalidade, irmanándoa con outros grandes fitos da literatura universal. Os abismos da morte, do sexo e do soño, co pincel delicado dunha estampa cortesá.

KAWABATA, Yasunari, *A casa das belas adormentadas* (trad. Mona Imai), Ed. Rinoceronte, Cangas, 2007, 102 páxinas.



O escultor Álvaro de la Vega (Paradela, Lugo, 1954) presenta en Vigo unha nova mostra do seu labor, logo da exposición realizada nas salas de Caixanova en abril de 2006. Nesta ocasión, desde o 21 de febreiro e até o 5 de abril na Galería PM8 (Pablo Morillo, 8) podemos achegarnos a aspectos da súa produción máis recente.

A obra do escultor galego encádrase dentro dunha figuración que parte da construción estrutural, a armazón da figura humana ou animal, salientando no seu labor o tratamento do material (madeira, cemento, arame...) sometido a múltiples tensións, que dotan as figuras



Álvaro de la Vega en PM8

✿ CARLOS L. BERNÁRDEZ

dores actuais: a identidade, o rostro, o tratamento do corpo como motivo de reflexión conceptual e formal, mais sempre desenvolvidos deste unha ollada intensamente persoal.

A actitude e a experiencia sobre a condición do artista que se plasma nestas obras ten moito que ver cun sentimento de lúcido "estrañamento", que nos fai percibir como espectadores que esa que ollamos é a esencia da nosa condición. Neste sentido, as súas figuras, mesmo cando representan animais, sitúanse entre a sedución e traxedia, dous conceptos que lle acaen como poucos á obra do noso escultor e que levan consigo unha atractiva



FOTOS: ELI REGUEIRA

dunha intensa forza dramática. Son imaxes que expresan unha rotunda soidade, tráxicas e expresivas, mais nunca dunha xestualidade gratuita, como se remitisen a un primitivismo atemporal no seu hieratismo de profundo vigor. Se cadra, a explicación desta forza que deita a escultura de Álvaro de la Vega esta en que o dominio do material e a capacidade do artista para a representación figurativa non afoga nunca a capacidade de comunicación, conseguindo que a obra despenda unha elevada "forza moral", que transmita esa absoluta sensación de verdade por riba do tempo.

As figuras de Álvaro de la Vega son debedoras dunha linguaxe marcadamente expresionista, preséntansenos como máscaras enxoiadas cos dentes apertados, nunha orfandade profunda, con acenos e berros que son apéndices do pánico, como probas tanxíbeis do estupor do noso tempo. Nas súas figuras achamos, de feito, non poucos dos principais temas de interese de moitos novos crea-

Linguaxe expresionista

A escultura de Álvaro de la Vega, como é evidente nunha observación atenta, afunde as súas raíces na tradición popular galega, coa forza da talla directa da madeira como referente indiscutíbel, e que nesta ocasión nos ofrece en diversos formatos, salientando pola súa espectacularidade unha peza a xeito de retablo, que segue o ronsel de obras presentadas con anterioridade.

De la Vega elabora o conxunto de obras tendo moi presente o estudo anatómico, elemento expresivo fundamental, que dota cada peza e o conxunto de obras dunha intensa teatralidade, conformado con estes medios expresivos un discurso que se liga ao espacial, mesmo con marcada

vocación arquitectónica e no que o xogo de tensións, ben evidente no emprego de cables do que se penduran moitas pezas, ten un papel sobranceiro. Deste xeito o escultor lugués renova nestas obras a ligazón coa tradición escultórica ba-

Raíces na tradición popular

rróca, á que ten recorrido noutras ocasións, sendo ao tempo obras dunha total modernidade.

Quen coñeza a traxectoria do noso escultor poderá percibir en exemplos presentes nesta mostra a constante evolución da súa obra,

que lonxe de ancorarse na altura inicial, segue a procurar novos vieiros (o cemento, o formigón, axiña a cerámica como el mesmo ten manifestado). A espectacular escultura *Espazo para domar unha cebrá* (técnica mixta, 2005) exposta no exterior da sala, é unha proba evidente deste proceso evolutivo e sen dúbida un dos seus logros máis notábeis.

Estamos pois perante unha obra que ao longo das súas diferentes "maneiras" sempre produce a sensación de que cada peza xorde dunha necesidade expresiva, de que nada é prescindíbel, de que a súa elementalidade é froito de viaxar á cerna profunda do misterio da materia e da vida.

carga semántica xa que a primeiro concepto semella un dos motores de toda a actividade humana, nomeadamente a artística, en canto o segundo, o tráxico, sen dúbida, é parte indisoñíbel da nosa condición.

Cada corpo tallado, cada fenda aberta na madeira, en definitiva, poderíamos lela como froito dunha intensa procura estética, sen dúbida ningunha, mais tamén como constatación da desorde na que socialmente estamos instalados, coas súas fracturas ideolóxicas, feito que é ben perceptíbel en moitos outros exemplos da arte actual e que responde á necesidade de pór en evidencia as estratexias de opresión. No caso concreto de Álvaro de la Vega, coído que opta por constatar e deixar testemuño do desequilibrio, a inestabilidade substancial da nosa condición, captando a inseguridade, a vulnerabilidade das persoas situadas na abstracta evidencia do seu ser. A obra global do noso escultor amosa, pois, unha paisaxe desacougante, mais ao tempo enormemente viva e creativa.

Arredor do maltrato

O mundo da ensoñación permite ao escritor fabular a realidade, transportando os lectores cara a universos maravillosos, fantásticos, idílicos e/ou denunciar situacións negativas, obrigando os receptores a reflexionar sobre determinados aspectos que, se cadra, pasarían inadvertidos.

Pois ben, entre fabulación e fantasía móvese Fina Casalderrey en *Ola, estúpido monstro peludo!*, novela que publica Galaxia na súa colección "Árbore" e na que cunha extraordinaria delicadeza aborda o tema do maltrato que sofre a muller e os que están ao seu redor.

Neste caso, a perspectiva adoptada é a dunha nena que, dende o ventre da súa nai, dá a coñecer aos lectores a súa percepción da realidade nunha sorte de monólogo que leva ao ser humano a facer consciente aquilo que, quizais, agradecería quedase na irrealidade, pero que por desgraza é tan real coma a vida mesma.

Nun principio todo era dozura e boas palabras, mais esta situación muda a medida que se ensancha o útero materno e a semente vai medrando e dotándose dos órganos e membros que configurarán, ao remate de nove meses, unha persóina. E

Con fermosas
metáforas



MARÍA NAVARRO



mentres isto sucede a nai amósase contenta co seu estado de boa esperanza e transmite alegría persoal que se torna en medo cando chega Emilio e esixe, entre outras moitas cousas, cangrexos en salsa de chocolate branco.

Con toda a literaturidade posible e para atenuar o triste panorama do maltrato, sèrvese Fina Casalderrey de fermosas metáforas e é quen de facer saltar gordos e repugnantes sapos no canto de horribles insultos, meter en botes fermosas palabras, facer que os país se volvan xordomudos para as cousas bonitas ou tornar os silencios en harmoniosas melodías. E así entre idas e voltas, entre ameazas e suspiros vai discorrendo unha historia que, se ben por momentos se perde debido á ausencia de detalles e aos saltos, en principio inexplicables, no tempo, gaña cara ao final a compostura facendo que o relato adoite un xiro inesperado que, sen dúbida, valorarán os lectores.

CASALDERREY, Fina, *Ola, estúpido monstro peludo!*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 110 páxinas.

Contra os prexuizos

Unha parella diferente é un novo conto de Daniela Kulot, (Bavaria, 1966), que segue a dar conta dos problemas aos que se ten que enfrontar a parella formada por unha xirafa e un crocodilo que a autora xa nos presentara en *Crocodilo namorado* e *Unha casa a medida*. Neses outros dous relatos, esteticamente moi semellantes a este, vimos que as diferenzas que aparentemente existían entre eles eran superables grazas ao feito de concibir o amor como un proceso que non entende de diferenzas, mais agora, nesta nova historia, a parella, adaptada felizmente á convivencia, sofre o desprezo dos seus semellantes, habitantes de Aldeaxirafa e Vilacrocodilo, que non entenden que dous seres tan dispares poidan manter unha relación.

Os dous protagonistas advirten desprezo e burlas cando, coma calquera outra parella, deciden ir pasar o día a Aldeaxirafa. Alí tomarán xeado, larpeiradas e mercarán roupa mais tamén escoitarán comentarios que anoxan a Xirafa e farán que marchen á vila dos crocodilos pensando que alí será diferente, mais acontece o mesmo. Cando moi tristes marchan á casa escoitan unha serea de bombeiros. Un incendio pon en

Valores e amenidade



PAULA FERNÁNDEZ



esa familia.

Tras o incidente serán aceptados por todos os veciños nunha gran festa da que mesmo saíran outras parellas das mesmas características, e que dá por superada esa fase de incompreensión e de non-aceptación do diferente.

Xa que logo Daniela Kulot incide de volta en criticar prexuizos moi entendidos e en promover valores baseados, neste caso, no respecto polas razas, as culturas e os distintos tipos de familia, ao tempo que amosa a solidariedade como a base da convivencia. E a autora faino outra vez cun texto lixeiro e divertido, adornado por xiros como o auto xiradrilo, perfectamente adaptado ás condicións físicas de cada un, e que pon de manifesto o perfecto entendemento entre os dous membros da parella, acompañado dunhas ilustracións coloristas que reflicten todo o narrado contribuindo ao seu entendemento e tamén ilustracións que, grazas ao seu detallismo e humor, amenizan a lectura dos lectores e lectoras máis novos.

KULOT, Daniela, *Unha parella diferente*, Faktoria K, Vigo, 2007, 26 páxinas.

perigo a vida de 4 crocos e a súa avoa, os bombeiros non son quen de salvarlos e só a simbiose entre a altura de Xirafa e a habilidade de Crocodilo poderá salvar

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Sendeiro rural de Galicia

Paco Armada/Luís Méndez

Edicións Xerais. 144 páxinas

Proposta atractiva e diferente para coñecer o medio rural galego, camiñando ou en bicicleta, dende os arredores de Vigo ata Santiago de Compostela, *Sendeiro Rural de Galicia* dá a coñecer un dos percorridos homologados pola Federación Galega de Montañismo, pensado para gozar da natureza e do patrimonio histórico e

natural. Trátase dun sendeiro de longo percorrido que os seus autores dividen en sete sectores fáciles de realizar, para adaptalos a todo tipo de camiñantes, tanto expertos como novatos. O libro inclúe unha descrición detallada do percorrido e o seu entorno: mapas, fotografías e información detallada sobre os lugares de paso.



Roseira do teu mencer

Xosé María Álvarez Blázquez

Edicións Xerais. 104 páxinas

Este volume recolle o texto de *Roseira do teu mencer*, poemario que Xosé María Álvarez Blázquez dedicou en 1950 a súa primeira filla, Colón, con motivo do seu primeiro aniversario, e no que a autenticidade popular latexa en cada sílaba. Ao texto do poemario, fermosamente ilustrado por Ma-

nuel Uhía, engáduselle un epílogo biográfico e fotográfico sobre o autor, preparado por Darío Xohán Cabana, ademais dunha completa cronoloxía sobre don Xosé María. Un libro indispensable para que os escolares coñezan e lean ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008.



Análise Empresarial

Varios autores

Unipro Editorial. 119 páxinas

A publicación "Análise Empresarial" celebra os seus vinte anos de existencia afondando na realidade socioeconómica galega e loitando pola normalización da lingua, cun número extraordinario que inclúe una entrevista co alcalde de Vigo, Abel Caballero, e ata unha trintena de artigos entre os que

cabe citar "O poder na empresa e as novas tecnoloxías", "A normalización do idioma galego na empresa", de Afonso Ribas, "O fármaco que cura de todo non é rendíbel", de Lluís Amiguet, "A gravidade da crise financeira", de Paul Krugman, ou "¿Qué é exactamente a democracia?", de Saramago.



Hordas de escritura

Chus Pato

Edicións Xerais. 96 páxinas

Houbo unha morte e a morte entrou no amor; finalmente produciuse unha mudanza na escritura. Este libro é a terceira entrega dunha pentalexía que a autora vén construíndo baixo o título xenérico de *Método*. Pero, cando o poema se compón, só lle é fiel a súa propia cicatriz; esa é a lei e a gravidade do texto. Un libro im-

portante dunha das máis abisais, mutantes e rupturistas escritoras do panorama poético contemporáneo. Chus Pato é membro da asociación de intervención política e cultural Redes Escarlata e ten publicado, entre outros volumes, *A ponte das poldras*, *Charentón* ou *Nínive*, galardoado co premio Losada Diéguez.



No século XXI, o epicentro gaitero baixou das serras da Terra de Montes e da montaña oriental de Lugo á beiramar das Rías Baixas, de certo seguindo o movemento da poboación do interior á costa. Se, no século XX, en Soutelo de Montes agromaba a formación de cuarteto, -dúas gaitas, tamboril e bombo-, para revolucionar o mundo da gaita, neste novo milenio é nas dúas bandas da ría de Vigo onde se camiña con máis firmeza e acerto no achegamento de novas vías, novos roteiros que transitar para o instrumento-ícona da nosa cultura. E un dos lugares senlleiros neste camiñar é Moaña. Porque Moaña é terra de gaiteros. Dende o fundamental labor de estudo e compilación das derradeiras pegadas da música na sociedade tradicional galega, dos seus instrumentos e cántigas, que realiza Xavier Blanco até o traballo máis atrevido e experimental, pero non menos necesario, de Anxo Lorenzo, moitos dos máis importantes proxectos que viran ao redor da gaita galega xermolan na vila do Morrazo.

Mais, con certeza, o proxecto que máis repercusión está a ter de todos eles é o de Xosé Manuel Budiño, que vén de celebrar a finais de ano 2007 o décimo aniversario da súa estrea discográfica, *Paralaia*, (Resistencia, 1997), coa publicación do seu novo traballo, *Home*, (Falcatruada, 2007), que afonda na liña marcada en *Zume da Terra*, (Boa/Col. Do Fol, 2004), con temas de composición propia, emprego da electrónica e colaboracións de nivel, alicerzado na calidade técnica e no coñecemento profundo da música tradicional do gaitero Budiño. Deste xeito, no traballo teñen oco pezas da fermosura, da complexidade e da enxebreza de "Imos DJ", -agasallo que pecha o disco, onde Budiño toca a gaita en do acompañado por Xosé Lois Romero, que gravou a percusión toda: tambor, bombo e pandeireta- acarón doutras como a recendente a pop "Ollos de Sal", onde Budiño toca a guitarra e o low whistle irlandés e está acompañado da voz de Xoel López, cantante de Deluxe, que interpreta un texto de Antón Reixa. A música deste tema, como en todas as pezas do disco, está composta polo propio Budiño que desta volta non se apoiou tanto nos sámples, -tan só en "Sempre Alalá" inseriu unhas voces do disco *Aires da Terra*, (Ouvirmos, 2004)-, nin na adaptación ou mestura de pezas tradicionais, tan só parcialmente presentes en "Vía Sacra 3", como fixera no seu anterior traballo. Tamén perden o protagonismo as voces femininas, -o achegamento á Lusofonía que supuxeran as colaboracións de Sara Tavares e

Son de Home

Abanos de X.M. Budiño

DANIEL LAVESEDO

Lilian Vieira-, e tan só permanece Mercedes Peón, nun tema, que xunto ao violín de Jacky Molard xa son máis ca habituais nos discos do gaitero. Son eles os que levan a voz cantante en *Home*: o devandito Xoel, Davide Salvado, e fano sen acadar a presenza e protagonismo das voces de muller do traballo anterior, inseríndose como un instrumento máis na música, unha buxaina máis a virar no chan, -duro unhas veces, areoso noutras-, das omnipresentes bases programadas. Sallenta tamén a presenza de músicos de formación jazzística: o saxofonista Jorge Pardo, o contrabaixista Paco Charlín, e o pianista das Azores Paulo Borges, e todo isto pode levar nunha primeira escoita a non quedar coa mesma sensación de frescura e de agradable sorpresa que deixaba o *Zume da Terra*, disco onde as cancións co-

braban máis protagonismo individual e que por riba supuxo unha meirande ruptura cos seus anteriores discos. Mais a ollada cara ao jazz, o abano de instrumentos tocados polo propio Budiño:

gaitas en sol, do, re, la, whistles, guitarra, pandeireta, e o feixe de novas melodías que reflecten as sensacións acadadas na xira que durante os anos 2006 e 2007 o levou a percorrer medio mundo: Arxentina, México, Irlanda, o leste de Europa etc., ben merecen darlle máis chance a un traballo máis compacto e homoxéneo ca os anteriores e que precisa de vagar para poder ser gozado en plenitude. Aínda que de queremos gozalo, nada mellor que un dos concertos da xira, que comezou en Glasgow e xa parou na Coruña, Porto, Ferrol e Vigo, e vai estar a finais de marzo en Ourense e Pontevedra, antes de comezar a percorrer de novo escenarios de varios continentes.

Cinsas namoradas

Hai uns anos, no Festival da Poesía do Condado que el xa coñeceu e gozou de cativo, un grupo de mozos nomeaban, -co berro por ferramenta-, patriota galego a Tino Baz. E non erraban. Patriota, poeta e cantor, o guardés de xa longa andaina musical, -que o ten levado a partillar experiencias con Suso Vaamonde, A Quenlla, A Roda ou Treixadura-, vén de presentar o seu primeiro traballo, *Cinsa Namorada*, onde acarón do poema homónimo de Marica Campo, dez composicións do miñoto arte-llan un disco onde música e poesía se ensarillan como poucas veces ollamos no panorama musical actual, xa que a calidade dos textos, a forza que lles sabe imprimir, fan deles parte imprescindíbel do disco. O cantautor d'A Guarda é quen, apenas cunha guitarra e a súa voz tronante -que sabe adoazar cando cômpre-, de nos presentar imaxes sonoras de fragilidade e beleza infinitas, acadando nos seus concertos unha conexión co público que ten moito de éxtase poética, coa sinxeleza e habilidade daqueles que deron apreixado a musa da beleza, a mesma que nos soños percuraron. O tamén gaitero e zanfonista, -como se pode ollar no videoclip de "Canción dun pintor", dispoñíbel na rede-, recolle coa súa estrea discográfica o testemuño da tradición de cantautores galegos, e non engañados

máis ca a pegada de seu, nunha presada de cancións que por veces poden semellar tristeiras pero que deixan sempre a posibilidade de albicar unha esperanza ao lonxe, un futuro mellor polo que agardar -e loitar- mentres arrolados pola poesía miñota de Baz, ollamos pola xanela o mar bravo a bater nos penedos ou a chuvia mol a zorregar inmisericorde a nosa terra.

